



Resolución do 20 de marzo de 2012, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se presta conformidade ás adhesións solicitadas polas Entidades Locais de Galicia que figuran no anexo desta resolución, ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da Administración Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia

En data 13 de xullo de 2010 asinouse Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da Administración Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na súa cláusula cuarta do capítulo primeiro establecíase o marco polo cal as Entidades Locais poderían asinar a súa adhesión.

En data 13 de outubro de 2010 asinouse addenda ao referido convenio polo que se ampliaba o prazo de adhesión ata 31 de marzo de 2011 e posteriormente mediante prórroga de data 29 de marzo de 2011 ata o día 31 de decembro de 2011 e nova addenda de data 27/12/2011 ata 31/03/2012.

A cláusula décimo sétima establece a existencia dunha comisión de seguimento, que comprenderá, entre outras, a conformidade ás posibles adhesións ao presente convenio que se soliciten polas Entidades Locais, aplicando o modelo incorporado no Anexo IV deste convenio, sen prexuízo de que, mediante acordo desta, poida delegar a devandita competencia nalgún ou algúns dos seus membros.

A devandita comisión de seguimento, segundo consta na acta remitida pola secretaría da comisión, na súa reunión de data 14 de decembro de 2010, acordou delegar a autorización das adhesións no director xeral de Administración Local.

En data 27 de abril de 2011, emitiuse unha primeira resolución pola que se prestaba conformidade as solicitudes de adhesión telemática das entidades locais de Galicia validadas ata marzo de 2011.

En data de 29 de xullo de 2011, emitiuse unha segunda resolución pola que se prestaba conformidade as solicitudes de adhesión telemática das entidades locais de Galicia validadas ata o 11 de xullo de 2011, e posteriormente aprobouse unha terceira resolución para prestar conformidade as validadas de forma correcta ata 11 de novembro de 2011.

Tramitadas novas solicitudes de adhesión telemáticas, procede agora prestar conformidade as validadas de forma correcta ata 15 de marzo de 2012.



Polo exposto;

En uso das competencias atribuídas e ao abeiro do disposto na cláusula décimo sétima do convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP asinado en data 13 de xullo de 2010 e o acordo da comisión de seguimento do mesmo de data 14.12.2010; **RESOLVO:**

Primeiro. – Prestar conformidade as seguintes solicitudes de adhesión telemática das entidades locais de Galicia validadas dende a terceira resolución (que validou as solicitudes ata a data 11 de novembro de 2011) ata 15 de marzo de 2012, ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da Administración Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia e que figuran no anexo unido a presente resolución.

Segundo. – Posteriormente deberá procederse á aplicación do establecido na cláusula décimo sétima do convenio e certificar pola secretaría da comisión de seguimento a conformidade ás entidades locais.

Santiago de Compostela, a 20 de marzo de 2012

O director xeral de Administración Local



José Norberto Uza Tresandí



ENTIDADES ADHERIDAS

TIPO DE ORGANIZACIÓN	ENTIDADE	PROVINCIA	ESTADO DE ADHESIÓN	RESOLUCIÓN
Concello	Concello de Bergondo	A Coruña	Validada	4ª
Concello	Concello de Dodro	A Coruña	Validada	4ª
Concello	Concello de Monfero	A Coruña	Validada	4ª
Concello	Concello de Oza dos Ríos	A Coruña	Validada	4ª
Concello	Concello de Paderne	A Coruña	Validada	4ª
Concello	Concello de Santiso	A Coruña	Validada	4ª
Concello	Concello de Teo	A Coruña	Validada	4ª
Concello	Concello de Valdoviño	A Coruña	Validada	4ª
Consortio	Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña	A Coruña	Validada	4ª
Mancomunidade	Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol	A Coruña	Validada	4ª
Mancomunidade	Mancomunidade de Concellos Ría de Arousa zona Norte	A Coruña	Validada	4ª
Concello	Concello de Antas de Ulla	Lugo	Validada	4ª
Concello	Concello de Foz	Lugo	Validada	4ª
Concello	Concello do Incio	Lugo	Validada	4ª
Concello	Concello do Páramo	Lugo	Validada	4ª
Consortio	Consortio para a Xestión e Explotación da Rede Básica de Abastecemento de Auga aos Concellos de Cervo e Burela	Lugo	Validada	4ª
Mancomunidade	Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense	Lugo	Validada	4ª
Mancomunidade	Mancomunidade Turística dos Concellos do Carballiño, Ribadavia, Boborás e Leiro	Ourense	Validada	4ª
Concello	Concello de Allariz	Ourense	Validada	4ª
Concello	Concello de Maceda	Ourense	Validada	4ª
Concello	Concello de San Cristovo de Cea	Ourense	Validada	4ª
Concello	Concello de Verín	Ourense	Validada	4ª
Mancomunidade	Mancomunidade de Municipios da Comarca do Carballiño	Ourense	Validada	4ª
Concello	Concello da Estrada	Pontevedra	Validada	4ª
Concello	Concello de Baiona	Pontevedra	Validada	4ª
Concello	Concello de Cambados	Pontevedra	Validada	4ª
Concello	Concello de Campo Lameiro	Pontevedra	Validada	4ª



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Administración Local

Praza de Europa 5A-4º
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfonos 981 546 579 – 981 546 220
Fax: 981 546 569
Correo electrónico: dxal@xunta.es



TIPO DE ORGANIZACIÓN	ENTIDADE	PROVINCIA	ESTADO DE ADHESIÓN	RESOLUCIÓN
Concello	Concello de Cambados	Pontevedra	Validada	4ª
Concello	Concello de Campo Lameiro	Pontevedra	Validada	4ª
Concello	Concello de Cangas	Pontevedra	Validada	4ª
Concello	Concello de Dozón	Pontevedra	Validada	4ª
Concello	Concello de Illa de Arousa	Pontevedra	Validada	4ª
Concello	Concello de Rodeiro	Pontevedra	Validada	4ª
Mancomunidade	Mancomunidade do Val Miñor	Pontevedra	Validada	4ª